




23- XUÑO: SAN XOAN

CAMIÑO DE SANTIAGO  
PROXECTO DE CENTROLECTURAMOS  
O BLOGUE DA  
BIBLIOTECA E EDL

# MARE MAGNUM

## O camiño de Santiago no IES Mugardos

Os alumnos do instituto traballan co Camiño de Santiago, coñecendo máis sobre a súa historia.

No IES Mugardos, traballouse ao longo do curso co Camiño de Santiago. Tras unha breve redacción que explicaba a historia e lenda do camiño, a principio de curso os alumnos de 2º ESO B realizaron un texto sobre diferentes catedrais para conmemorar o Día das Catedrais, e grazas a unha exposición pode observarse na entrada do instituto. O mesmo curso, traballou coas lendas do Camiño de Santiago e as explicaron, coñecendo máis sobre elas.

En Febreiro o alumnado de 3º ESO B debuxou a unha gran peregrina para mostrar os principais atributos dos peregrinos medievais e ademais, reflectiron o culto ás augas explicando as fontes máis importantes do Camiño de Santiago. Neste mesmo mes, 1º de Bachillerato realizou unhas cancións relacionadas co Camiño, que pódense escoitar. No día da muller expoñéronse as peregrinas máis coñecidas, un traballo feito por 2º ESO.



Nesta imaxe preséntase o símbolo representativo do Camiño de Santiago, unha vieira amarela sobre un fondo azul.

**Daniela Corral (2 ESO B)**

de quilómetros nun camiño virtual dividido en tres retos. O alumnado de IAEE de 4 ESO tamén participou no proxecto e repasou o impacto económico do Camiño en Galicia.



Ademais, en distintas exposicións repasamos os monstros que aparecen en catedrais e outras edificacións do Camiño, ou o principal libro medieval de referencia á hora de falar do Camiño de Santiago: o Códice Calixtino. Por último, nesta publicación tamén repasamos algúns dos monumentos arquitectónicos máis salientables deste roteiro. En resumo, un completo repaso polo Camiño.

## O Camiño de Santiago

Ademais do que sinala Daniela houbo outros traballos como o repaso dos principais cantos medievais de peregrinos (incluíndo a interpretación do "Dum Pater Familias") polo alumnado de Proxecto competencial de 3 ESO B. Os mesmos alumnos prepararon unha exposición sobre os instrumentos do Pórtico da Gloria e fixeron un percorrido polos cemiterios de peregrinos. O Camiño tamén serviu de marco para a elaboración duns contos en 2 e 3 da ESO dos que salientamos o elaborado por Noemí Abeal ("O sospeitoso encontro"). O alumnado de Investigación e tratamento da información de 2 ESO B fixo un repaso polos principais rituais que manteñen vivos os peregrinos hoxe en día. O alumnado de Proxecto competencial de 1 da ESO traballou sobre os distintos camiños peninsulares e elaborou un xogo de memoria no que as cartas son signos e símbolos do camiño. De 3 ESO A tamén saíu un xogo inventado por Endika Domínguez. E o alumnado de Atención educativa de 1 Bach fixo un enorme Xogo da Oca relacionado co Camiño de Santiago. Non podemos olvidar a actividade proposta polo departamento de Educación física "Reto Camiño inglés" coa que a toda a comunidade educativa sumou unha chea

## O xogo da oca e o Camiño de Santiago

O xogo da oca e o Camiño de Santiago teñen unha vinculación moi especial. O xogo da Oca, é unha guía encriptada do Camiño de Santiago de ida e volta. Atribúese a súa invención á Orde do Temple, que protexía aos peregrinos que se dirixían a Santiago. É un mapa cifrado do Camiño, un mapa encriptado baseado nos marcadores ou carteis anunciadores, que marcaban os lugares de especial significación e onde os mestres construtores deixaban marcas secretas nas catedrais, castelos, monumentos, pontes, cemiterios... Era como un xeroglífico onde os símbolos eran coñecidos por toda a Orde, e que permitía un entendemento a todos os cabaleiros independentemente do idioma de cada un. Era polo tanto unha guía do Camiño de Santiago de ida e volta. O alumnado de **I Bach de Atención Educativa** fixo a súa propia versión do xogo da oca, neste caso só de ida, na que repasou distintos aspectos relacionados con este roteiro internacional. Todas as casillas levan unha explicación da imaxe representada, e así pasamos por distintas localidades que inclúen no seu nome o termo OCA, por puntos importantes do Camiño francés, lembramos lendas relacionadas co Apóstolo ou coa peregrinación, personaxes significativos, símbolos, documentos, xogos previos e obxectos que fan deste traballo a *guía definitiva* do Camiño de Santiago.



## Dum pater familias

Estamos situados ante o Santiago medieval, da época heroica das peregrinacións. Tal é o Santiago máis evocador; aquel cuxas pedras imantaron de esperanza, de fe, ríos da ánimas, multitudes heteroxéneas de todos os pobos de Europa. Pensamos nel; vemos aos lonxe a ecuménica cidade. Do seu recinto soben, ata o ceo plumizo, torres robustas de igrexas. Por unha calzada, achégase unha tropa numerosa de homes e mulleres con hábitos de peregrinos. Teñen os rostros curtidos polo sol e o aire; as roupas pardas e sucias, nas que hai cosidas cunchas, feitas farrapos. Apóianse en recios bordóns; levan cabazas e zurróns, para a auga e as provisións do camiño. E velaquí, ao chegar á vista da cidade, aquela multitude sucia, harapienta, derrotada, transfigúrase por un sopro de espiritualidade. Os rostros dilátanse e ennobrecéanse; brilla nos ollos un fulgor de éxtase, e os peregrinos caen de xeonllos. De centenas de gargantas sae un confuso canto, pausado, unha melopea litúrxica: é o **canto de Ulreya**.

O alumnado de 3 ESO B de Proxecto Competencial fixo a súa propia versión do **himno dos peregrinos**, recollido no Códice Calixtino, coa colaboración de **Antía Martínez** de 3 ESO A e a nosa querida **Olga Recio**.



<https://anchor.fm/lecturamos/episodes/DUM-PATER-FAMILIAS-e25sseh>

## Rituais dos peregrinos

Traballo feito polo alumnado de Investigación e tratamento da información de 2 ESO B co que repasamos algúns dos rituais que os peregrinos facían, e fan, no seu camiño a Compostela

## RITUAIS DO PEREGRINO

## CAMIÑO DE SANTIAGO



<https://youtu.be/K--aEGCh03o>

## Reto Camiño inglés

O día 19 de xuño rematamos o terceiro e último reto do Camiño Inglés que consistía en percorrer 70 quilómetros. Un proxecto onde a participación foi de novo elevada e a igualdade por obter a vitoria en cada grupo foi máxima. Agradecer a toda a comunidade educativa a participación e destacar a felicidade que da encontrar alumnado, profesorado e familias con tanta enerxía. **GANADORES/AS POR GRUPOS:**

- 1º ESO: Alonso Amenedo 131,6
- 2º ESO: Cristian Pico 327,5
- 3º ESO: Xoel Roca 70,8
- 4º ESO: Roi Dragoevich 71,4
- 1º BACH: Carmen Pena 81,7

**EQUIPO DOCENTE E NON DOCENTE:** Fabio González 342,2

**FAMILIAS:** Raquel Pena 1661,1.

**Entre todos, nos tres retos, levamos percorridos 17754,4 quilómetros.**

**Chegábamos desde o IES Mugardos ata Pekín....**

Foron moitos os participantes, e moito alumnado, profesorado e familias que conseguiron percorrer o Camiño Inglés chegando ata a Catedral de Santiago. Noraboa a todos e todas.



## O home ovo



Martín e Nagore



Hugo



Laura Patricia



Nerea



Enar

O grupo de Artes Escénicas e Danza de 4 ESO interpretou esta obra na que un xefe ten por fillo un ovo. Logo dun matrimonio concertado coa filla dunha xefa veciña o ovo comeza a comportarse dun xeito que non lle gusta nada á súa recente esposa...




MARE MAGNUM

## Arte no Camiño



### Catedral de Santiago de Compostela

A construción da gran Catedral de Santiago de Compostela debeu comezar ao redor do ano 1075, promovida polo bispo Diego Peláez e dirixida polo Mestre Esteban. Este singular edificio é sucesor doutros anteriores que serviron para albergar e dignificar os restos do Apóstolo descubertos en "Compostela" (Campo de Estrelas) a comezos do século IX, como as igrexas que en diferentes momentos mandaron construír os monarcas Alfonso II, Alfonso III e Bermudo II. Ao longo das décadas seguinte e xa baixo o auspicio de Diego Gelmírez as obras mantiveron un ritmo intermitente en función de diferentes conflitos da época. Pódese dicir que a maior parte da Catedral estaba construída cara ao 1122. Como outras grandes catedrais no Camiño o edificio concibiuse como unha harmoniosa cruz latina de tres naves e cruceiro tamén de tres naves. A cabeceira da Catedral incorporaba unha ampla girola e cinco capelas radiais. Nestes primeiros espazos traballaron diversos escultores de gran calidade que se teñen que relacionar coa catedral de Jaca, a Abadía de Santa Fe de Conques e San Sernín de Toulouse. Todo o alzado do templo adornábase cun piso de tribuna -que axudaba a estabilizar o peso da bóveda da nave central- polo que o aspecto vertical e palaciego da igrexa intensificábase. O misterioso Mestre Mateo comezou a súa intervención en 1168 e ocupouse dos últimos tramos da nave e da construción da cripta que soportaría o famoso Pórtico da Gloria, ademais do coro do que perduraron importantes pezas. Este conxunto monumental creado como entrada occidental e principal da catedral é un dos máis grandes monumentos medievais do mundo.



## A miña experiencia no IES

(Por Paula Riobó)

Cando cheguei a este instituto fai 6 anos, cría que sería como nas pelis, pero é un engano no que caemos todos cando comezamos unha nova etapa. O instituto é un paso máis na vida dun adolescente, o cambio de primaria á ESO é notable, pero realmente non é para tanto. Penso que o sistema en primeiro de ESO está ben deseñado para que ao alumnado non se lle faga difícil a adaptación ao novo centro, aos compañeiros e compañeiras ao profesorado... Conforme avanzan os cursos na ESO, nótase que vas ampliando os coñecementos, que os cursos cada vez son máis completos. Porén, 3º non é tan difícil como se adoita dicir. E aproveito para apuntar que bacharelato é todo un repaso do anterior. Con bacharelato non quero mentir: 2º é un curso moi esixente, no que tes que dalo todo para conseguir os teus obxectivos, e privarte dalgúns privilexios por falta de tempo libre. Mais todo pasa, e aínda que ás veces pareza que se nos cae o mundo enriba, o tempo avanza e cando nos damos conta, xa está todo superado.

Con respecto á miña experiencia no IES gustaríame dicir que podería ser mellor. Agora que marcho, miro atrás no tempo e doume conta de que, en realidade, non é unha experiencia que repetiría se tivese a ocasión. Levo meses agardando que esta etapa remate, e estou encantada de comezar a vida universitaria (aínda que me queden uns meses). No IES hai cousas que non funcionan como é debido. Claro que todo é mellorable, mais o instituto deixa moito que desexar, na miña opinión.

Pese a que sempre están insistindo nas normas, chega un momento no que te das conta que non sempre se cumpren, ou non como se debería. En ocasións hai favoritismos, sancións que se pasan por alto; e ao contrario, alumnado ao que se "etiqueta" dunha maneira negativa, e ao que se culpa cando ocorre algo, aínda que non estea involucrado.

Ao alumnado de 1º de Bacharelato que pase para 2º, quero dicirles que a ABAU non é o que parece. Hai experiencias moito máis traumáticas e complicadas que a selectividade. Durante o curso, o profesorado repetiravos a palabra maldita unhas 35 veces por clase, mais unha vez que chegas alí e fas o exames, saes ca sensación de que non era tan difícil. Desde a miña experiencia podo dicirvos que o mellor que podeades facer para que a ABAU sexa sinxela é traballar moito ao longo do curso. Entendo que é difícil renunciar ao tempo libre ou a saír, pero se os meses que dure 2º de Bacharelato (que en realidade pasan voando) traballades e conseguides unha boa media, a nota da selectividade non vos vai preocupar tanto. Ademais, o profesorado entende a vosa situación e, xeralmente, axúdavos bastante.

Para despedirme quería engadir que vos desexo moita sorte no futuro, alumnos e alumnas do IES de Mugarodos, tanto aos que comezan a ESO, como os que pasan a 1º de Bacharelato ou a 2º, e mesmo aos que vos atopades nos cursos intermedios. Agradecer tamén ao profesorado, equipo directivo e persoal non docente que me acompañaron no IES durante estes seis anos. Un saúdo a todos e todas, e feliz verán.



MARE MAGNUM

## Mellores expedientes de Bacharelato

Este ano entre os mellores expedientes de Galicia temos a tres alumnas do centro: **Paula Riobó, Ester Bouzada e Claudia Sánchez**. Están convocadas a un acto de homenaxe o xoves 22 deste mes en Santiago. Non podemos estar máis orgullosos delas. Noraboa ás tres e moita sorte.



## Xogamos?

Xogo de cartas no que o obxectivo é xuntar os selos para acadar a Compostela (elaborado por Endika, 3º ESO A)



Xogo de memoria elaborado polo alumnado de Proxecto Competencial de 1º ESO B



## Festivais de música no Camiño de Santiago



Departamento de inglés <https://youtu.be/iBTcxNw2Qjo>